



Vivimos un momento de urxencia no que os diferentes sectores da cultura galega demandan axuda institucional para a súa supervivencia. Paralelamente á urxencia do momento, cómpre reflexionar sobre os posibles modelos culturais para saír da crise, entendendo que a "nova normalidade" poscovid deberá pensarse e definirse da maneira máis beneficiosa para todas.

Nese sentido, e no marco da axenda 20-30 e dos ODS, a vinculación histórica da cultura galega coa sustentabilidade nas súas diferentes dimensións (social, económica ou ambiental) podería ser unha oportunidade para optimizar as políticas culturais de cara ao futuro.

Con estas xornadas preténdese favorecer que as axendas políticas e culturais teñan en conta as dimensións da sustentabilidade como filosofía (e práctica) para o sector cultural galego, así como elaborar materiais concretos que guíen os criterios de sustentabilidade necesarios para desenvolver proxectos culturais.

A partir desta actividade, elaborárase un documento co decálogo de recomendacións para o deseño e implementación dun proxecto cultural sostible.

.....

**Xornada**

# **Futuros presentes: conversas sobre cultura e sustentabilidade**

.....

9-12 de febreiro de 2021



## Programa

### MARTES, 9 DE FEBREIRO

10:00 horas  
Publicación dos relatorios gravados

*Retos da cultura ante a transición ecosocial*

**Jaime Vindel**, investigador contratado Ramón y Cajal do Instituto de Historia do CSIC  
Presenta: **Fran Quiroga**, investigador e axente cultural independente

*O reto da sustentabilidade económica, social e ambiental da cultura*

**Lluís Bonet**, director do programa de xestión cultural da Universitat de Barcelona  
Presenta: **Marcos Lorenzo**, técnico de Cultura do Concello de Ferrol e membro da Comisión

### MÉRCORES, 10 DE FEBREIRO

10:00 horas  
Publicación dos relatorios gravados

*Panel de experiencias de proxectos culturais sustentables en Galicia e debate*

Presenta: **Marián Fernández**, xestora cultural en O Cable Inglés e membro da Comisión

- **Adrián Gallero Moreiras**, Festival Agrocuir da Ulloa  
- **Anxo Moure**, Cinema Palleiriso  
- **Ugía Pedreira**, Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento  
- **Miguel Porto**, Bosquexo. Festival de Debuxo ao Natural en Sende

*A dimensión social da sustentabilidade e Presentación do avance do informe Cultura e sustentabilidade. Repensando os xeitos de facer cultura*

**Encarna Lago**, xerente da Rede Museística Provincial de Lugo e membro da Comisión  
**Fran Quiroga**, investigador e axente cultural independente

## Programa

### XOVES, 11 DE FEBREIRO

10:00 horas  
Publicación do debate gravado

Mesa redonda  
*Políticas culturais que poñen a vida no centro*

Modera: **Alberto García**, técnico municipal do Concello de Boiro e membro da Comisión

- **Benito Burgos**, Ministerio de Cultura  
- **Julio Gómez**, Sinsalaudio  
- **Anabel Gulías**, Concello de Pontevedra

### VENRES, 12 DE FEBREIRO

10:00 horas  
Publicación da conversa gravada

Conversa  
*Sostibilidade cultural: poñamos o rural no centro*

Modera: **Agar Ledo**, membro da Comisión, historiadora da arte e museóloga; na actualidade traballa no Departamento de Coleccións do Museo Reina Sofía

- **Oliver Laxe**, cineasta  
- **María do Mar Pérez Fra**, profesora do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela

**Organiza**

Comisión Técnica Temporal de Xestión e Políticas Culturais (CCG)  
Consello da Cultura Galega

**Coordina**

Alberto García

**Lugar****Inscrición**

A actividade non será presencial. Será retransmitida a través do noso web e da nosa canle en Youtube nas horas indicadas e logo permanecerá na Mediateca para consultas futuras.

Publicaranse os días indicados os relatorios e debates gravados.

Non é necesaria inscrición previa.

**Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

